

ABRINDO PASO



Nº 12 - XUÑO 2021

EPAPU ALBEIROS - LUGO

Así, aquí,
neste lenzo imaxinado e suxestivo
non me sei se non me trato
aquí.
Non me sei se non me trato aquí.
Non te sei
se non te trato
aquí.

**X
E
L
A
R
I
A
S**

LETRAS GALEGAS 2021

Este é o número 12 da nosa revista, **Abrindo paso**, que comezaba a súa andaina hai xa doce cursos.


Este número dista menos tempo do anterior debido á tardanza na publicación do outro que, como sabedes, tivo que ser posposta pola pandemia.

Aínda así, como en edicións anteriores, os traballos que aquí aparecen corresponden co realizado neste curso 2020-21. A publicación, como en todos os números, está dedicada á autora homenaxeada este ano para o Día das Letras Galegas, **Xela Arias Castaño**.

Este curso, e seguindo co protocolo COVID, dende o EDLG non se propuxeron actividades a realizar fóra do centro. De feito, houbo que cambiar o modo de participación dalgunhas facendo máis fincapé nesas actividades que non precisaban de grupos, senón máis ben participación individual. Creáronse concursos virtuais, actividades novas e sempre fomentando a participación a través das redes.

Neste novo número podedes atopar o traballo que fomos facendo ó longo deste curso. Todas as actividades propostas dende o Equipo de dinamización, ademais de artigos, relatos e traballos que o alumnado foi realizando voluntariamente para achegar a esta revista.

Neste número de **Abrindo paso**, como en todos os publicados até o momento, pretendemos dinamizar e fomentar o uso da lingua propia no conxunto da nosa comunidade educativa. Por isto, agradecemos a colaboración a todos e todas as participantes neste novo número.



HOMENAXE A MARÍA (1968-2019)

O pasado 14 de maio de 2021, por ser festivo o Día das Letras Galegas, tivo lugar unha pequena homenaxe á nosa compañeira María, falecida hai xa un pouco máis de dous anos sendo a directora deste centro. Dimos así cumprimento ao acordo tomado polo claustro do EPAPU Albeiros, de darlle o seu nome á biblioteca do centro. Instalouse na entrada da mesma unha nova placa que dá visibilidade á súa figura, con moito retraso a causa da pandemia.

A homenaxe foi sinxela, pequena en formato polas limitacións de aforo, pero non por iso deixou de ser intensa, chea de emoción e fondo sentimento. Agradecemos moito a presenza da súa familia e compañeiros, amais da participación desinteresada dos membros dos grupos musicais **Tundal** e **Cuarteto Son de Corda**.

Esta revista, que xa vai polos doce anos, ten moito que ver con María. Foi teima súa facer unha publicación anual, coa colaboración de alumnas e alumnos, aos que ela animaba incansablemente a presentar artigos e traballos que logo corruxía para a súa publicación.

O texto que vén a continuación é o que, para esta homenaxe, escribiu e leu a súa compañeira no Departamento de Galego durante varios anos, Rosa Gullón.

María sempre

Para min é moi difícil falar de María en pasado, como a todos e todas os que estamos hoxe aquí. E máis difícil aínda pensar que xa pasaron máis de dous desde que non podemos disfrutar da súa presenza. Parece que foi onte cando bulía polos corredores organizando, falando co alumnado ...

O día de hoxe, no que a biblioteca deste centro pasa a chamarse oficialmente *María Xosé Rodríguez Valcárcel*, é altamente significativo. Este pequeno xesto debe facer que nos sintamos orgullosos dun labor profesional que a fai sumamente digna desta homenaxe.

Pero con este acto non só estamos a renderlle unha homenaxe. É unha forma de tela presente. Non para nós, para os que estes máis de dous anos, non fixeron que nos afagamos a vivir sen ela, pero si é importante para as xeracións futuras. Cando pasen os anos e haxa necesidade de informar sobre quen foi María, sempre haberá alguén que faga a súa semblanza e que afonde nas múltiples razóns polas que esta biblioteca leva o seu nome.

Con dedicación, entusiasmo e ilusión afrontaba María os retos que se marcaba; e un dos retos foi esta biblioteca. Dedicou moitas horas a dinamizar o seu uso. María quería facer lectores e para iso traballou na renovación dos fondos e na selección das obras que pensaba podían ser atractivas para o alumnado e, sobre todo, que espertasen neles as ganas de seguir lendo.

María practicaba co exemplo. Era unha gran lectora e o seu criterio era fundamental nas reunións de departamento no momento de seleccionar as obras que se lle proponían ao alumnado.

Pero que a biblioteca leve o seu nome é unha forma de valorar non só o seu traballo senón a súa persoa

María abranguía moitos campos e a todos se enfrontaba con rigor e compromiso, empezando pola seu enriquecemento persoal. As súas ansias de saber non tiñan límites. Eu lémbroa estudando sempre: nova licenciatura, escola de idiomas, preparando artigos e achegas lingüísticas e literarias. E iso, desde os seus primeiros anos de docente, cando recibiu o premio *Ánxel Fole* pola súa obra de investigación sobre Aureliano Pereira no Rexurdimento Galego ou coa publicación da obra de investigación "Lingua e literatura galegas en El Regional" ou colaborando na publicación do libro de Actas "A lingua galega: historia e actualizada".

A súa disciplina persoal e a súa capacidade organizativa facían que tamén participase activamente noutros foros, nos que defendía os seus compromisos coa lingua, coa muller e coa sociedade na súa totalidade.

Tampouco quero esquecer a empatía co alumnado. O seu entusiasmo e a súa forza levábana a organizar actividades fóra do centro e mesmo fóra de España. Actividades que de certo marcaron a uns alumnos que participarían encantados neste acto.

Quero rematar coa dimensión de María que me fixo estar hoxe ante vós. María como a compañeira que se brindaba a axudarche xenerosamente no que necesitabas. E facíao de tal forma que non te sentías mal aceptando a súa axuda. Compartimos xuntas momentos duros e só sinto non poder seguir compartindo os duros e os non tan duros que de certo deberían ter chegado.

Rosa Gullón





Placa da biblioteca:
Idea e debuxo: Matilde Arrizado (Debuxo)
Composición: Nancy Bobillo (Intérprete de signos)

Fotos de María cedidas pola familia

LETRAS GALEGAS 2021: XELA ARIAS CASTAÑO (1962-2003)

Xela Arias Castaño naceu en Ortoá, Sarria, en 1962 co nome de María de los Ángeles, filla de Amparo Castaño López e de Valentín Arias López, tamén escritor e tradutor. En 1984, María de los Ángeles pasou a chamarse María dos Anxos, aínda que dende os seis anos o seu nome foi Xela. Finalmente, no 1995 cambiou xa o nome oficial polo de Xela. Así a coñecerían ata o 2 de novembro de 2003, no que un ataque cardíaco rematou coa súa vida en Vigo con tan só 41 anos de idade.



Xela Arias arredor de 1993. Foto: Xulio Gil

Realizou estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, aínda que a súa formación dende nena tivo os comezos na Granxa de Barreiros, cerca da súa casa natal, onde o seu pai traballaba no seo dun proxecto pedagóxico creado polo empresario Antonio Fernández cunha orientación agropecuaria, integrando a cultura galega nos ciclos da natureza.

Aos sete anos, cando a súa familia se trasladou a Vigo, finalizou os seus estudos de primaria na escola de Sárdoma-Moledo, onde o seu pai traballaba como mestre, e realiza o BUP no IES Castelao. Abandonou en COU para incorporarse ó cadro de persoal da Editorial Xerais de Galicia, aló polo 1979. Primeiro traballou como oficinista, despois realizou traballos de creación e investigación para, finalmente, encargarse do traballo de editora e correctora de estilo.



*Xela Arias na Granxa Escola de Barreiros no ano 1963.
Foto: Avelino Pousa Antelo*



Xela Arias, X. García Crego e Celia Torres en Xerais no ano 1989.
Foto: Xoán Vilar Cardona

No 1991 retomou os seus estudos na Universidade de Vigo para rematar licenciándose en Filoloxía na especialidade de Galego-Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela.

En 1992 casou co fotógrafo e matemático Xulio Gil Rodríguez, con quen tivo un fillo.


Nos seus últimos anos de vida foi docente en centros de diferentes municipios galegos.

Polo que respecta á súa obra, cómpre dicir que comezou a súa andaina no mundo literario publicando no 1986 *Denuncia do equilibrio*, un poemario innovador que foi finalista do premio Losada Diéguez.




Conxuntamente co seu home, Xulio Gil, publicou obras como *Tigres coma cabalos* no 1990.

Máis tarde, no 1996, publicou *Darío a diario*, onde fala da súa experiencia maternal.



A súa obra tamén se deu a coñecer a través de libros colectivos como *Palabras da muller* (1992) ou *Daquelas que cantan-Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997).



O poemario *Intempériome*, foi editado o mesmo ano da súa morte, no 2003, por Miguel Anxo Fernán Vello.

Ademais dos seus poemas, dedicouse á tradución ao galego de diversos autores como Jorge Amado, Camilo Castelo Branco, James Joyce, James Fenimore Cooper, Wenceslao Fernández Flórez, Roald Dahl, Juan Farias, Miguel de Cervantes, Vicens Beltrán, Bram Stoker, Angela Carter e Charles Baudelaire, entre outros.

Foi finalista do premio *Esquíu de Poesía* (1986) con *Lili sen pistolas*, obra aínda inédita.

Boa parte da obra desta autora aparece nos anos 90, por isto se denomina o seu verso como "poesía de muller", conxuntamente con poetisas como Yolanda Castaño, Olga Novo ou Emma Couceiro.

Jael Balseiro Porto - 2º BAC

Imaxes:
-academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias

Portadas dos libros:

-www.pinterest.es/pin/462393086738040851
-academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/obra
-www.todocoleccion.net/libros-segunda-mano-poesia/xela-arias-xulio-gil-tigres-coma-cabalos-1990-x61147471
-www.todocoleccion.net/libros-segunda-mano-poesia/xela-arias-denuncia-do-equilibrio-xerais-galego-x54539307

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, UNS MESES DESPOIS...

No comezo do curso 2020-21 reestreebábase o Departamento de Orientación no centro EPAPU Albeiros despois de moitos anos de solicitar a súa reinstauración. Comezamos nun curso complicado debido á situación de pandemia, que vivimos con moitos medos, inseguridades, pero cheos de ilusión por esta nova etapa.



O Departamento de Orientación, unha porta para axudar!!

Atopamos un centro diferente tanto no referido a organización e funcionamento das súas ensinanzas coma no alumnado, persoas adultas que por diferentes circunstancias decidiron continuar os seus estudos no EPAPU ou que anos despois de abandonar o sistema de ensino retornan con forzas renovadas para acadar un novo obxectivo ou unha meta á que non chegaron no seu momento.

Entre os obxectivos prioritarios que fixou este departamento para este curso destacamos:

- Facernos visibles no centro: que toda a comunidade educativa coñecese as nosas funcións e tivese acceso ao departamento de orientación cando precisase asesoramento.

- Dinamizar a acción orientadora no centro nas súas tres vertentes, persoal, académica e vocacional da mesma.

- Atender as necesidades académicas e de orientación académica e vocacional do alumando do centro.

Ademais, gustamos de colaborar con outros Departamentos e co Equipo de Dinamización Lingüística na proposta de diferentes actividades para conmemorar datas relevantes como foron por exemplo o 25 de novembro (Día internacional contra a violencia de xénero), o 30 de xaneiro (Día escolar da non violencia e da paz) ou o 8 de marzo

(Día internacional da muller).

Se facemos unha valoración do acontecido durante o curso, confirmase a necesidade de que neste centro existise un Departamento de Orientación. As solicitudes de asesoramento por parte do alumnado foron elevadas principalmente froito da necesidade de coñecer o itinerario máis adecuado para acadar os seus obxectivos tendo en conta as súas historias previas, as súas inxedanzas e a súa situación, tanto persoal como laboral.

Historias que nos fan reflexionar sobre o valor da fortaleza, da perseveranza, da motivación e a importancia de saber que nunca é tarde para cambiar de rumbo ou para cumprir os nosos soños.

Beatriz Trigo
Departamento de Orientación

SEGUIMOS NORMALIZANDO A LSE

(LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA)

Este curso tentamos dar un pasiño máis cara á normalización da Lingua de Signos Española no EPAPU Albeiros. Así, coa finalidade de facilitar a comunicación do persoal de servizos do centro e do profesorado encargado da biblioteca, leváronse a cabo dúas iniciativas: un dossier de signos de ámbito educativo para situar nas aulas e na conserxaría e un pequeno glosario de signos básicos de uso útil na biblioteca.



**PESOAS
PERSONAS**



ALUMNO/A



**COMPAÑEIRO/A
COMPAÑERO/A**



DIRECTOR/A



**INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS
INTÉRPRETE DE LENGUA DE SIGNOS**



**LIMPADOR/A
LIMPIADOR/A**



ORIENTADOR/A



PROFESOR/A



**PROFESOR/A DE GARDA
PROFESOR/A DE GUARDIA**



SECRETARIO/A



**XEFE/A DE ESTUDOS
JEFE/A DE ESTUDIOS**

LINGUA DE SIGNOS NA BIBLIOTECA 1



LINGUA DE SIGNOS NA BIBLIOTECA 2



LINGUA DE SIGNOS NA BIBLIOTECA 3



LENDAS

- Toques breves no punto de contacto
- Dirección do movemento
- Movemento ondulatorio dos dedos

Texto e fotos:
Marta Miranda e Nancy Bobillo (ILSE)

A NOSA DIVERSIDADE: DE ONDE SOMOS?

Se hai algún centro que poida fachendear de diversidade, ese é o noso. É o único centro de adultos existente na cidade e o único da provincia propiamente que, no seu edificio, alberga exclusivamente ensino de adultos. Aquí temos alumnado de moitas nacionalidades, falando diversas linguas e pertencentes a diversas culturas. Todo isto convértenos nun centro certamente peculiar, mais no que a convivencia é exemplar. Todo o noso alumnado acode con ansia de aprender, de mellorar, de obter esa cualificación precisa para incorporarse ó mundo laboral ou para poder ascender profesionalmente. Pero tamén hai quen acode porque acaba de chegar ó noso país e precisa aprender o noso idioma para integrarse, para traballar e para seguir o seu percorrido aquí.

Todos e todas forman parte da nosa comunidade educativa dende puntos moi distantes e con historias vividas moi diferentes, pero tod@s pertencen ó noso centro e entre tod@s traballamos para avanzar.

Lyudmila

En 2º ESA A atopamos a Lyudmila, unha muller afincada en Lugo coa súa familia dende hai xa dezaseis anos:

O meu nome é Lyudmila. Teño 39 anos e unha familia formada polo meu home e dous fillos. Vivo en España dende hai 19 anos, dos que 16 estou en Galicia.

Eu son de Ucraína, da cidade de Cherkasy (en ucraíno Черкаси). O meu país é moi fermoso, terra fértil, natureza rica e o clima é moi semellante ó de Lugo, malia ser máis seco. O meu país ten unha historia, como a da maioría dos países, moi longa.

Hai moitos monumentos na miña cidade, por exemplo, o principal podémolo atopar no Cerro da Gloria, Patria, onde un facho de chama eterna arde na bandexa da súa man. Foi restaurada na honra da II Guerra Mundial; moitos din que se o lume se apagase, comezaría a III Guerra Mundial. Debaixo deste monumento hai unha gran foxa común, onde xace soterrado, entre outros, o meu avó.

Se te dirixes a Cherkasy dende Kiev, entrando pola ponte de 1200 m (se non estou errada), pasamos sobre o río Dnieper onde hai moitas illas pequenas. Cando era nena, moitas veces navegabamos no verán en barco ata a illa máis próxima e pasabámolo moi ben. Cando chega o inverno, o río conxela e podemos patinar e xogar ó hóckey.

Hai moitas tradicións e festas en Ucraína.



Cerro da Gloria



Edificio do banco de Ucraína, anteriormente o hotel Sloviansky

Zoumana

Zoumana Traore é un alumno de 4º ESA. Matriculouse na materia de lingua estranxeira en francés, xa que el procede do país Costa de Marfil (África occidental), país de fala francesa e coñecido polo nome francés *République de Côte d'Ivoire*.

Segundo el mesmo nos presenta, é un lugar variopinto, versátil e onde un pode disfrutar do mar mesturado coas augas doces da ría, das culturas étnicas propias do interior africano, das visitas a reservas de animais, ou

Busca no mapa Cherkasy seguindo o código QR



mesmo rexistrarse no máis cómodo dos hoteis turísticos na zona de praia. Un país onde se conxuga perfectamente a montaña coa praia e o rural coa cidade.

Chámome Zoumana, como o meu avó, e cheguei a Lugo aínda non hai ben tres anos. Veño dunha familia musulmana moi tradicional. Por non cumprir unha tradición tiven que fuxir do meu país despois de ameazarme. O meu pai morreu cando eu era pequeno e quedei a vivir cos meus tíos ata que tiven 17 anos. Todo ía ben ata que un día me dixeron que tiña que casar cunha curmá para cumprir coa tradición. Eu nequeime e aí comezou todo.

Primeiramente marchei a un país veciño chamado Mali, de alí a Marrocos e despois a España, a onde cheguei en patera. Primeiramente estiven dous meses en Málaga, despois viaxei a Madrid e alí comecei a falar un pouco de español nos sete meses que me quedei antes de vir a Galicia.

Non é nada fácil deixalo todo e comezar de novo pero o meu obxectivo era ser independente, decidir o que eu quero facer coa miña vida. Considero que ter que cumprir esa tradición que me impoñían non é normal.

Costa de Marfil, o meu país, é un bo país. Ten diversidade cultural, praias, montaña, fervenzas. De feito, a praia de Assinie é unha das máis bonitas. Nela conxugan por unha banda a auga salgada do mar e pola outra a auga doce da lagoa. Realmente un lugar que merece a pena visitar.

Agora, xa aquí en Lugo e con 21 anos, traballo a quendas. O curso pasado traballaba en quenda de tarde e neste curso en quenda de noite, polo que foi difícil compaxinar o horario escolar semipresencial no que primeiramente me matriculei co traballo. Por isto, asistía polas mañás ás titorías do profesorado e despois ía estudando na casa. Precisaba a ESO e coñecer as dúas linguas oficiais, polo que me matriculei de todos modos. Este curso estou na modalidade presencial, agora en 4º ESA e, de aprobar todos os ámbitos como ata o momento, titularei. Estou contento no centro e animo os adultos que o precisen a matricularse porque aprendes moito e coñeces nova xente.



Praia de Assinie

Tasnim

Tasnim é unha alumna de 2º ESA presencial que se incorporou neste curso ó noso centro procedente de Siria, concretamente de Daraa (en árabe, درعا "fortaleza"). Trátase dunha cidade do suroeste de país a trece quilómetros ó norte da fronteira con Xordania e situada a uns cen quilómetros ó sur de Damasco.

O meu nome é Tasnim, residente na cidade siria de Daraa, onde nacín en 2003. Estudei noveno en Xordania, na escola de Hanina e remateino cunha media de 85 sobre 100, mais por mor da guerra no meu país de Siria, tiven que vir para España coa miña familia. Agora vivo na cidade de Lugo e acudo a este centro para aprender. A miña afección é cociñar, mais no futuro gustaríame ser avogada para voltar ó meu país e loitar para devolverlle a seguridade e a paz.



Mezquita de Daraa

Lyudmyla Matyushkina (2º ESA A) - Zoumana Traoré (4º ESA A) - Tasnim Mohamad Khair Abdul Majid (2º ESA A)



Busca no mapa Assinie (esquerda) e Daraa (dereita) seguindo os códigos QR

IMAXES:

Cherkasy:

-www.viajes.com/ucrania/cherkasy/

-De Haidamac - Trabajo propio, CC BY-SA 4.0,

commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=62881838

Costa de Marfil:

-www.tripadvisor.es/Tourism-g3524064-Assinie_Sud_Comoie_Region-Vacations.html#/media/3524064/376741741;p?focusedIndex=1/

Daraa

-www.efe.com/efe/america/mundo/los-rebel-des-sirios-arrinconados-por-las-tropas-de-al-asad-en-sur-del-pais/2000012-3694491

A ARQUITECTURA EN GALICIA

Os cruceiros galegos

Aínda que nós estamos acostumados a velos nas encrucilladas de antigos camiños ou situados, nalgúns casos, a carón das estradas, o certo é que son antigas obras de arte con historia que podemos contemplar sen entradas nin aforo limitado.

Cal é a causa da súa construción?

Os cruceiros que se atopan en cruces de camiños foron realizados na honra de alguén ou sinalando o falecemento dalgunha persoa nese lugar; os que se atopan cerca de cemiterios, igrexas e ermidas foron construídos, evidentemente, por motivos relixiosos.

Cales son os seus materiais e formas?


A maioría están traballados en granito, constan dunha base ou plataforma cadrada (ou octogonal) cunha ou varias gradas; o pedestal de forma cadrangular que pode ser liso ou con inscricións; o fuste, cadrangular, octogonal ou cilíndrico que pode ter esculpido diversas formas como escaleiras, tenaces, cranios, martelos, serpes, santiños ou mesmo escenas do pecado orixinal. Ten tamén o capitel, esculpido con figuras como anxos, volutas, etc.. E no alto a cruz, que pode ter por unha das caras un Cristo crucificado e pola outra unha imaxe da Virxe María ou dalgún santo.

Cal é a súa cronoloxía?

Os máis antigos datan da segunda metade do século XIV e mantéñense aínda en pé entre doce e catorce mil en toda Galiza.



Cruceiro de Vilalba (arriba) e de Feira do Monte, Cospeito (abaixo)



Imaxes:
-cruceirosdeg Galicia.xyz/3601106.html
-Irene García Álvarez



O Pazo de Sistallo

Velaí está, imponente e resgardado tras un muro de pedra que só deixa á vista o magnífico e maxestuoso escudo da familia fundadora: Verdes Montenegro.

Tamén podemos apreciar o seu tamaño grazas á visibilidade do seu gran teito a catro augas. Porén, é outra cousa a que nunca canso de mirar: a colosal e increíble cheminea que pertence á estancia da cocíña; tan ornamentada, coa cantería branca e resplandecente que parece mentira que tal obra sexa destinada simplemente a botar o fume do fogar..

O muro que o rodea non está coidado, mais mantense en pé. De feito, este ano pasoulle factura a choiva e veuse abaixo un anaquiño pola parte que dá á estrada. Por arriba del asoma un fermoso magnolio que estes días estivo en flor, ademais dos maxestuosos cumios das árbores traídas de diferentes partes do mundo. É propiedade privada pero puiden ver, nas poucas fotos que encontrei do interior, a fermosísima e elegante varanda de cantería que pertence ás escaleiras interiores, tamén de cantería, que van dar ó segundo andar.

Conserva a capela, típica dos pazos e posúe unha grande fonte rectangular situada no terreo que dá á fachada do edificio. O baixo estaba destinado antigamente ás cabalarías e o almacén de trigo, pero foi modificado polo actual propietario que o distribuíu en varios salóns e unha adega.

Está datado no século XVIII e é un dos poucos pazos que conserva os planos de construción. Mandado construír por Fernando Verdes Montenegro a seu irmán Francisco Antonio (prior do Mosteiro de Caaveiro). Será o encargado da súa construción o arquitecto Clemente Fernández Sarela (quen tamén traballou na fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago).

Non é dos pazos máis elegantes, o seu aspecto é máis ben sobrio, é por isto que o describen como pazo de cidade.

Un dato curioso foi a rodaxe da película *Flor de santidad* (obra literaria orixinal do escritor galego Valle-Inclán) no ano 1972 na que os veciños de Sistallo participaron como actores secundarios facendo o papel de labregos da zona.



Outro dato témolo na data do 2 de febreiro do 1762 cando o rei Carlos III creou un título nobiliario a favor de María Ana de Tárrega Sanz de la Llosa y Roca de Malferit, primeira marquesa de Benemejís (localidade de Valencia onde era señora) que sería substituída polo actual de “Benemejís de Sistallo”.

A árbore xenealóxica da familia de Verdes Montenegro é moi extensa e data de 1762.



Irene García Álvarez - 2ºBAC

Imaxes:
-www.concellodecospeito.es/es/pazo-de-sistallo/
-Irene García Álvarez

-www.expansion.com/albumes/2014/04/24/pazo_xviii_galicia/index_6.html

DONALD TRUMP

A continuación, dous artigos de opinión sobre o ex presidente dos Estados Unidos, o controvertido e polémico Donald Trump. Como comprobaredes, e malia o que pareza, non todo o mundo pensa igual sobre el.

O positivo de Donald Trump

Un dos grandes problemas que caracterizou a este presidente non era a súa impopularidade, semellante á de Nixon no seu mandato, senón a súa forma de falarlle ós medios de comunicación. Isto xerou gran rexeitamento cara esta persoa ata por parte dos do seu propio partido.

Malia todas estas características é innegable que fixo cousas positivas polo seu país. Se algo adora Donald Trump é o seu país e os negocios. Para isto desarmou o exército e tiña a idea de que os EEUU deixasen de ser a policía do resto do mundo.

Pouca xente sabe que foi un dos poucos presidentes que non entrou en guerra. Para el a guerra é un mal negocio. Curiosamente tamén é o que menos deportacións realizou e, moitos cidadáns latinoamericanos votarán por el nas eleccións.

A súa política económica diminuíu moito o nivel de paro no país chegando a niveis históricos. O nivel de riqueza e o salario aumentaron nas clases medias.

Foi nominado para o premio Nobel da Paz polo pacto de paz que fixo entre Israel e os países arábigos. O tratado con Corea do Norte comezou tenso pero deseguida os dous países entablaron relacións e foi o primeiro presidente en pisar Corea do Norte.

Como lector e como escritor, creo que os medios de comunicación nos cegan. Só nos permiten ver dúas cores: branco e negro. Porén, opino que existen grises e cores polo medio.

Donald Trump non será o mellor presidente e poida que sexa rexeitado, pero hai que recoñecer que fixo varias cousas positivas.

Antonino Gugliandolo López - 1º BAC



Donald Trump e o presidente norcoreano Kim Jong un, saudándose na zona desmitilizada entre as dúas Coreas en xuño de 2019.

Imaxe:
-www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-48815086

A taipán máis perigosa do mundo, Donald Trump

A taipán, unha das cobras máis perigosas, venenosas e veloces do mundo, orixinaria de Australia, xoga un rol no equilibrio do ecosistema. No mundo existen millóns de especies que teñen un propósito na terra, pero, é verdade que todos os seres vivos teñen un papel importante que exercer?. E, se isto é certo, que papel xogou Donald Trump, coma ser vivo? Haberá un lugar válido no ecosistema para que habite este tipo de especie? Non o sei, quizais a ciencia saiba máis diso.

Donald John Trump, home de negocios, levaba dende 1980 dando a vara. Xa nesa década fora acusado por máis de dezanove mulleres de agresión e acoso sexual. Non se lle puxeron as cousas ó seu favor cando saíu á luz un vídeo en abril do 1985 no que se escoitaba coma alardeaba de que “unha celebridade coma min pode facer calquera cousa coas mulleres”. Comentarios pouco afortunados coma este foron cualificados sen contemplacións de misóxinos e racistas no mundo enteiro. Outra declaración grave e racista foi a de catalogar ós inmigrantes mexicanos ilegais de corruptos, delinquentes e violadores e ata indicou o seu desexo de construír un muro entre as fronteiras de EEUU e México.

Máis adiante, o 26 de novembro de 2015 engadiu unha nova polémica á súa longa lista, tras facer mofa publicamente da condición física dun periodista do “The New York Times”, diagnosticado de síndrome de artrogripose.

Misóxino, racista, discriminador, foi o presidente número 45 dos EEUU; accedeu á presidencia con 70 anos no 2017 o que o converteu no presidente con maior idade en asumir este cargo, e tamén foi o presidente máis rico da historia dese país, xa que contaba entón e conta agora cun patrimonio de máis de 3100 millóns de dólares, o que o sitúa no posto 766 entre as persoas máis ricas do mundo.



Donald Trump xogando ao golf

Anos despois, o 2 de outubro de 2020, aínda na presidencia, Trump e a súa actual esposa Melania deron positivo no test de coronavirus, do que se recuperaron favorablemente, tras xurdir o primeiro brote de Covid-19 na Casa Blanca. Quizais se Trump tivese levado un bo susto chegaría a ter visto entón cales son as dimensións do problema ó que o mundo se enfrontaba e se segue a enfrontar.

A continuación, a comezos de novembro de 2020, EEUU comezaba a terceira oleada da pandemia da Covid-19 con 190 000 mortos ata esa data. Nun só día rexistraba máis de 77 000 contaxios positivos. Este home inconcluente, irresolutivo non só actuou de maneira inapropiada contra a magnitude da emerxencia, senón que ata chegou a catalogar a pandemia coma “unha simple gripe china”, nunha entrevista en marzo de 2020.

O 3 de decembro de 2020 Donald Trump publicou un insólito vídeo de corenta e seis minutos onde facía unha sarta de acusacións insistindo en que se fixera unha fraude electoral nas votacións das eleccións á presidencia do 8 de novembro. Negouse a aceptar a derrota, malia que xa se contabilizaran os votos por terceira vez consecutiva.

Os poucos días de comezar este ano 2021 unha morea de partidarios de extrema dereita asaltaron o Capitolio (edificio símbolo da democracia en EEUU), mentres a Cámara de Representantes e o Senado celebraban unha sesión conxunta para refrendar a vitoria nas eleccións do seu oponente Joe Biden.

En definitiva, este asalto á democracia dos EEUU remata deixando cinco persoas falecidas tras o suceso. Trump seguiu meténdolle leña ó lume, creando un conflito político ata tal punto que Twitter chegou a censurar a súa conta por incitar á violencia. Esta rede social non permitiu ós usuarios compartir as súas mensaxes nin interactuar con el.

En conclusión, aínda que eu personalmente non entenda moito de política, si desexaría que por lei non puidese chegar a ningunha presidencia ningún candidato racista, machista e incitador á violencia. Afirmase que este home pasou un test psicolóxico para poder exercer a presidencia. Eu preguntome: este test está conectado a algún pulsómetro que poida percibir se se di toda a verdade?

Coa idade que ten Donald Trump, sinceramente creo que debería estar entreténdose todo o día xogando ó golf, debido ó pequeno corazón que posúe como ser humano. Se o corazón fose algo que se puidese mercar, este señor debería investir parte da súa fortuna nun novo, porque lle fai moita falta.

Yobania Barro Carreira - 4º ESA

Imaxe:
-www.thetimes.co.uk/article/tax-inquiry-focuses-on-company-behind-donald-trump-s-golf-courses-rmbr8fvw

Guadalupe Álvarez Rebolo é unha alumna que leva no centro desde o curso 2018-19 e que acaba de conseguir o título de Bacharelato. Colaborou en *Abrindo paso* desde que chegou e, este curso non quere ser menos. Publicamos, xa que logo, estes poemas seus.

A TI

*A ti que me ensinaches
a durmir tranquila
e soñar esperta,
a romper cadeas
e esquecer tormentas.*

*A ti que me ensinaches.
a mante-la calma
cando a rabia aperta,
a sentir ledicia
cando a min te achegas.*

O MEU PAXARIÑO

*O meu paxariño xa quere voar,
canta tristura me vai deixar,
pois esa tenrura que é coma un mar,
un día tras outro, eu vouna estrañar.*

*O meu paxariño xa quere voar,
moito as túas ás, teras que axitar,
con forza e ben alto ata acadar,
tódolos soños que acougo che han
dar.*

KELIÑA

*Pel de canela, tacto de seda.
Sorriso doce, rosadas meixelas,
olliños negros e dentes de perla.
Ten un corazón, que non colle nela.*

*No seu xardín moreas de herbas,
Ourego, tomiño, pirixel e menta.
As súas pitiñas esgallan contentas,
E no seu horteiro, esgalla ela,*

*Colle salgueiro e fai unhas cestas,
Encheas de froitos da súa colleita.
Coida as gatiñas como a princesas,
Se cazan paxaros reñe con elas.*

A MIÑA NAI

*Longo camiño o que percorriches
sempre loitando, non te rendiches.
Só o lembrarte dos que perdiches
pode danarte, pode ferirte*


*Nai naiciña dóce e paciente
canto nos dás, canto nos queres.*

*Cando te pos a mirar o almanaque
dis cómamo dengue, entra o
menguante!,
vou polo sacho que teño a semente
cebolas alleiras e tirabeques*

*Nai naiciña, dóce e paciente
canto nos dás, canto nos queres
é o butano a cor que prefires.*

XIGANTE AMOR

*Hoxe teño que dicirche
meu xigante amoriño,
Se ti queres e me queres
eu dareiche o meu cariño,
pois es todo para min
miñas ás, e o meu niño.
Gústasme cando te ris
e cando estás repugnantíño,
se ti queres e me queres
seguirei o teu camiño.*



2º premio do concurso
de fotos.
Autor: **Julen Vigo**
Título: **O esquecer do
mar**

QUEN ESTÁ AÍ?

Presentámosvos o relato gañador do Concurso de relato breve do Samaín.

A gañadora foi **Yansi Karina García Mejía** de 4º ESA E.

(Historia real) Vila de Fisterra, Galicia, España.

- Podo preguntarlle unha cousa, nai? (Interrogaba unha pequena a súa nai mentres facían xuntas a cea).
 - Claro miña nena, non pasa nada -(contestáballe a súa nai, riseira)
 -Gustaríame que me contase algunha historia de terror que lle sucedera na súa infancia, ultimamente escoito cousas raras no meu cuarto e quero saber se pode estar relacionado con isto que me acontece.

Está ben, contareiche o que me sucedeu de nena, concretamente coa túa mesma idade. Presta moita atención, entón.

Nai e filla sentaron unha fronte da outra, ambas as dúas acomodáronse. A señora agarrou un porrón de auga para ir bebendo segundo a súa gorxa secase ao contar o relato, mentre tanto a súa filla miraba atentamente, e agardaba ansiosa a escoitar esa horrible historia.

-Ben, comezarei a relatarche o sucedido hai moitos anos, cando eu tiña 10 anos de idade e vivía coa miña nai Josefa. Viviamos aquí en Fisterra, nunha pequena casa de dous andares feita de pedra no exterior e totalmente de madeira no interior. Eu era unha nena moi tímida e reservada e, a miña nai, era unha señora moi simpática e alegre, aínda despois da morte do meu pai seguía sorrindo a cotío, e no meu interior sei que o facía para facerme sentir ben. Nós sempre vivimos moi tranquilas, nunca tivemos ningunha preocupación nin problema con ninguén, todo estaba en calma ata que faleceu o meu pai.

Lembro aquel día con moita dor, foi todo moi repentino. El non merecía morrer tan cedo... era moi novo. Un par de días despois da súa partida cara o outro mundo, nós empezamos a notar como algunhas cousas cambiaban de lugar, algúns sonos estranos durante a noite e a madrugada, e tamén dentro da casa. A miña nai sempre dicía que era o espírito do pai, que el nunca nos abandonaba, pero a min non me parecía que fose así. A pesar de que ela estaba case ao cento por cento convencida de que se trataba da presenza do meu pai, eu estiven convencida finalmente pola contra no transcurso duns días e aí foi cando a cousa se empezou a complicar. Un luns despois de vir traballar pola tarde, a miña nai púxose a preparar a cea e así deixala lista para máis tarde, eu mentres estaba a ordenar o meu cuarto con calma, que se atopaba no andar superior xunto cos demais cuartos. Ese día decidimos cear un pouco máis cedo, o cocido que estaba a preparar a miña dona nai cheiraba de marabilla, era irresistible, coma sempre. Todo estivo tranquilo ata que fun ao meu cuarto e me metín na cama; entón, xa tentando durmir, puíden notar como algo rascaba por baixo do colchón, pensei que podería ser un rato ou algo así, pero enganábame. Baixei da cama instantaneamente, agarrei a miña candeas coas veas acesas e agacheime para observar se había algo entre o chan e o meu leito. Non había absolutamente nada.

Ao incorporarme puíden observar como a porta da miña peza se abría parcialmente e como unha leve sombra saída dela. Sen dubidalo decidín chamar a miña nai, atopábame bastante mareada e cunha sensación estraña no corpo, estaba moi nerviosa e tiña medo. A miña mamá Josefa entrou ao momento ao interior de onde eu me atopaba, conteille punto por punto á perfección. Ela, que era moi bromista, dixo: "E será o demo...".

Eu quedei mirándoa cunha expresión de confusión, non comprendín moi ben o motivo desa broma, unha mofa que comezaba a resultar graciosa ata que todo o piso superior comezou a tremer, tal coma se houbera un leve terremoto e, á súa vez, soaba un murmurio leve dunha voz que non parecía ser humana. Asustada metinme de inmediato na cama, non quería falar máis do tema e evitalo custara o que custara, a miña nai fixo exactamente o mesmo. Esa noite arroupouse ao meu carón e as dúas puídemos descansar unhas cantas horas. A mañá seguinte erguémonos máis acougadas, non sabiamos ben o que pasara esa noite, pero ambas quixemos ignorar o acontecido polo noso benestar psicolóxico. Recordo que ese día foi horrible, as cousas caían na casa, algúns dos mobles movíanse sós e, obviamente, nós estivemos toda a mañá nerviosas.

A miña nai esa mesma mañá falou co cura, pediulle unha misa pola alma do meu pai esa mesma tarde, el vendo o nerviosismo e ansias da miña nai, aceptou. Esa mesma tarde asistimos á misa que lle fixemos ao meu pai. Convencidas de que así acougaría o seu espírito, pero non foi así.

Chegada a noite dispuxémonos a cear, aínda sobra un pouco de cocido, era o que mellor preparaba a miña nai, digno dun manxar de reis. Ao rematar a cea, e como era costume, puxémonos a lavar o xogo de garfos e limpamos todo para deixalo ben limpo, eu puxen o meu pixama e funme deitar, mentres a miña nai se deitaba na súa cama no cuarto da beira.

Chegando ó cuarto sentín unha sensación estraña, estaba todo bastante escuro e as velas non iluminaban demasiado, polo que imaxinaba que vía cousas estrañas que en realidade non estaban. Sentei na cama e deixei a miña candeas enriba da mesiña de noite, quitei as zapatillas e dispúxenme a rezar pola alma do meu defunto pai. Xusto no momento no que comecei a rezar, de novo todo comezou a tremer, escoitáronse aqueles estraños murmurios outra vez, e sen dubidalo chamei pola miña nai. Puíden erguerme da miña cama, presa do pánico

coloquei de novo o calzado e agarrei a candeia ben firme, entón saín ao exterior do cuarto, observei ás miñas costas e por un intre puíden ver aquela sombra negra detrás de min, preto da miña cama. Definitivamente, aquela cousa non era meu pai. A miña nai achegouse rapidamente a min, agarroume polos ombreiros e puxémonos preto da porta pola parte exterior.

Ela trataba de acougarme, aloumiñarme a fazula cunha man mentres que coa outra suxeitaba firme un dos meus ombreiros, entón ela comezou a falar con aquela criatura: “Non sei quen é, nin o que quere, e a verdade non me importa. Teño unha pequena curiosidade. Sabes que día foi onte? - preguntou a miña nai observando o interior do meu cuarto fixamente. Eu mireina cunha expresión de dúbida e incerteza ao mesmo tempo, puíden ver que ela esbozaba un leve sorriso. De súpeto, unha voz respondeu: “Lun”, dixo cun ton horrible a sombra. A miña nai nese momento comezou a rir, eu non podía entender nada, entón ela volveulle dicir: “Ah, ben, ben. Hoxe sabes que día é?”. A sombra volveu contestar de novo: “Mar”. Eu non podía entender nada, pergunteille a miña nai que intentaba facer, ela tapoume a boca coa súa man e non respondeu, continuou falando con esa penumbra: “Que listo é. Non hai nada mellor que rir de ti para que me fagas caso. Mañá que día é?”. Volveu preguntar ela e, de novo a sombra respondeu á súa cuestión: “Mer”. Esta vez a súa contestación por parte do ente soou máis profunda, case non se puido entender, e mentres contestaba notábase unha vibración no chan. A miña nai púxose un pouco máis seria nese momento, agarroume con firmeza e dixo: “Oe, criatura inmunda e infesta, responde a isto. A túa desgraciada nai cando te pariu, tiña rabo?”.

Nese mesmo instante escoitouse un forte gruñido de ultratumba, unha pesadez inmensa e unha gran vibración por toda a casa. Recordo que a miña nai berraba que nos deixase en paz dunha vez por todas e, nese mesmo instante, o interior do meu cuarto derrubouse completamente, caendo todo o piso inferior, xusto enriba da sala de estar. O chan derrubouse. Nós estabamos ben, grazas a que nese momento nos atopabamos no exterior do cuarto, pero non se podía dicir o mesmo da miña cama e o resto de mobles que se atopaban derruídos embaixo. Estivemos a vivir alí uns anos, bendecimos a casa con axuda do párroco, construímos todo de novo e non volveu pasar nada estraño. Uns anos despois vendemos a vivenda. A partir dese día viñemos vivir a esta casa na que nos atopamos a día de hoxe, poucos anos despois a miña nai faleceu aquí mesmo. O máis curioso desta historia é que ningún veciño se decatase de nada, ninguén escoitou nunca semellante balbordo e, todos estaban realmente confusos polo motivo da caída da parte superior. A maioría deles xustificárono con que a madeira estaba húmida e vella. A miña nai e eu nunca decidimos contarlle isto a ningún ata o de agora que cho estou contando a ti, filla.

-Estou sorprendida, nai, deume bastante medo. É parecido ao que vexo no meu cuarto, e agora que me contaches, xa o entendo, xa coñecía a túa historia- contestou a filla de Josefa mentres se erguía do asento.

-Que dis Manuela? É imposible que ti soubeses a historia antes de que eu che dixese nada -replicou a nai.

-Non, nai. Contoumo a sombra todo, agáchase debaixo da miña cama. Todas as noites coméntame que se acorda de ti.

Moitos anos máis tarde, aínda se lembra esta historia grazas á miña avoa Palmira e á miña nai Mercedes. Pasou como un conto oral de persoa en persoa e ano tras ano.

E ti, miraches o que hai debaixo da túa cama?



Imaxe:
-lanuevapalestra.blogspot.com/
2017/07/terror-psicologico-
bajo-la-cama.html

SABÍAS QUE ...?

Buceando na web do Instituto Galego de Estatística, (IGE), o alumnado da materia de Economía de 1º BAC ofrécenos estes datos estatísticos de Galicia e Lugo.



• A porcentaxe de poboación en Lugo no 2020 segundo a idade era a seguinte:

Menor de 20 anos ___13,60%
Entre 20 e 65 anos ___57,20%
De 65 ou máis anos ___29,20%

- O alumnado total de bacharelato de adultos en Galicia ascende a 4.432 persoas.
- O alumnado total de bacharelato de adultos na provincia de Lugo ascende a 424 persoas.
- O número de persoas desempregadas en Galicia no IV trimestre do 2020 foi de 142.700, das cales 77.300 corresponden a mulleres e 65.400 a homes.
- O nome máis frecuente de muller na provincia de Lugo é María Carmen. En Galicia é María.
- O nome máis frecuente de home na provincia de Lugo e tamén en Galicia é Manuel.
- Todos os estudantes que non teñen un contrato de traballo forman parte da poboación inactiva.
- Se o teu primeiro apelido é López, atópaste entre unha das persoas do concello de Lugo co apelido máis frecuente entre a súa poboación. No conxunto de Galicia o máis frecuente é Rodríguez.
- Da poboación total de Lugo, hai 63.038 persoas en idade de traballar.
- A poboación total do concello de Lugo é de 98.519 persoas, das cales 45.568 son homes e 52.951 mulleres.

Segue os seguintes código QR para obter máis información:



Web do IGE



Apelidos no IGE



Nomes no IGE



*3º premio do concurso de fotos.
Autor: Guadalupe Alvarez
Titulo: Quéreme, non me quere*

AS CIDADES VISIBLES

Desde o pasado 8 de marzo está aberto o concurso *As cidades visibles*, no que, a partir dunhas pistas literarias e fotográficas, hai que adiviñar a cidade sobre a que se pregunta. Busca as pistas que atoparás nas páxinas seguintes e nos recunchos da biblioteca e dos corredores (fotos, datos do autor/a, fragmentos da obra, ...), cada mes durante 3 meses (ata final de curso). Logo, achégate á biblioteca e consulta os libros posibles:

-Adiviña a obra, o autor e a cidade.

-Atopa algún fragmento onde se fale dalgunha das localizacións da cidade que aparecen nas pistas fotográficas.

Cando averigües a resposta, enche a ficha que atoparás na biblioteca do centro cos datos que se piden e métea na caixa habilitada na biblioteca, ou ben envía eses datos a epa.albeiros.lugo@edu.xunta.gal.

Os premios consisten en vales para material escolar.

Pistas literarias:

*Estou sola
sendo espello único e presidiario
do novo día que nace perfecto e neboento
polo este océano
a chamar no marmurio
Marmurio nana da súas ondas,*

*Unha copa, un fresco, o cine,
Un cigarro alabarado,
os pés na area.*

*DO MAR BRISA ARISTADA
RECOLLE A GRUPO DAS CHALANAS
UNHA BANDEIRA ENROLADA APARTA
DE NÓS A CAIXA DAS MUDANZAS.*

¿E quen espera?

*A CIDADE É O METAL
AS RÚAS ARAMIOS. EU NAVALLA.
EU FÍO, FOLLA AFIADA.*

*Deste xeito é que penso nos ocos que son os cometas
bótome a andar impacente cara ó mar...
e fálame de regresións irreversibles
sinálame as alas douradas.....*

*No areal,
as grupas das chalanas fan os ocos.
Enfronte,
a inmensidade non detén os seus avantes.*


Pistas sobre o/a autor/a:

- Comeza a escribir a unha idade temperá, primeiro contos e logo poesía, pero ademais de escribir realizou outras actividades como a tradución literaria, faceta pola que gañou algún premio.

- Desta cidade dirá: “O medio fórmanos e desde os sete anos a miña cultura é urbana, e eduqueime xogando nun solar e logo de ir á escola nun arrabaldo de (...), segúin estudo nun centro do (...) que é un barrio tamén moi de cidade. Fixen vida de barrio, identifícome con ela, e resúltame moi interesante o que saía de alí.”

- O seu compromiso coa lingua galega foi constante: “Escribo en galego porque estou aquí e, desde logo, Galicia pertence, aínda, aos derrotados”.

Pistas fotográficas dos lugares mencionados na súa obra:



AS NOSAS ACTIVIDADES

Moitas son as actividades realizadas neste curso e maior que outros anos foi a participación do noso alumnado na maioría delas.

Como xa dixemos ó comezo, por mor da COVID-19 houbo que refacer as bases dalgunha das actividades e mesmo algunha dela se converteu en máis atractiva para os participantes, aumentando considerablemente o número de alumnos e alumnas que decidiron presentar os traballos para participar con respecto a anos anteriores.

Todas se foron distribuindo nas datas educativas nas que conmemorabamos algo interesante para a cultura educativa.

O Samaín 2020


Varios foron os participantes que decidiron poñerse a escribir esa historia de terror ou medo que pedían as bases do Samaín, ata varios decidiron ilustrala con debuxos e, difícil foi tamén elixir o gañador ou gañadora. Mais este vez o traballo premiado foi o titulado *Quen está aí?* de Yansi Karina. Podédelo ver na páxina 18.



Cartaz do Concurso (arriba á dereita) e imaxes da decoración do centro

Día Internacional contra a violencia de xénero 2020

Neste curso incorporouse ó centro o Departamento de Orientación co obxectivo fundamental de contribuír á personalización do ensino, axudar e asesorar a toda a comunidade educativa. Pois ben, dende este departamento conxuntamente co Departamento de EDLG, Departamento de Debuxo e equipo directivo formulouse unha actividade moi visual e, ó mesmo tempo, moi participativa para concienciar a toda a comunidade sobre o tema tan actual e tan serio como é a violencia de xénero. Así, creouse un mural que aínda permanece na entrada do centro e colocáronse cartaces nos taboleiros de todas as aulas e departamentos con citas temáticas.



Mural na entrada, porta de orientación (arriba dereita) e porta da Biblioteca (abaixo)

-Concurso de postais navideñas 2020

No mes do Nadal desexamos ó noso alumnado e compañeiros os parabéns a través das redes virtuais. Isto fixémoslo coa postal gañadora no concurso de postais en galego.

CONCURSO Postais de Nadal 2020

ORGANIZADO POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

BASES:

- O obxectivo do concurso é a realización de postais personalizadas en lingua galega.
- Poden levar texto (e será exclusivamente en galego) e debuxos ou ámbolos douros.
- Cada participante poderá realizar unha soa postal.
- A contidade das tarxetas participantes espóntase no taboleiro de Normalización.
- Cada tarxeta levará na parte traseira (para non ser visible a público) a identificación do autor (nome, apelidos e curso).
- O xurado estará composto por personal non docente, profesorado do Departamento de Debuxo e do EDLC.
- A tarxeta gañadora pasará á seriedade do centro e será utilizada para felicitar a todos os nosos compañeiros do CRAPI Albeiros.
- O prazo para entregar as tarxetas é desde o 27/12/20 ata 19/1/21.

PREMIOS:

- PRIMEIRO: 1 vale de 30 euros en material escolar.
- SEGUNDO: 1 vale de 20 euros en material escolar.
- TERCEIRO: 1 vale de 15 euros en material escolar.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

CONCURSO Postais de Nadal 2020

SEGUNDO PREMIO
Estefanía Vázquez Argerey

TERCEIRO PREMIO
María del Carmen López Muñoz

PRIMEIRO PREMIO
Margarita Díaz Fernández

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

-Triptico de Nadal 2020

Esta actividade é xa un clásico no centro, mais non por iso menos importante. Todos os anos no mes de decembro e co gallo do Nadal, o tríptico pretende resolvernos a dúbida de con que agasallar ós nosos. Deste xeito atopamos nel os títulos das últimas publicacións literarias, musicais e, por suposto, en todos os xéneros e para todas as idades. E recordade que lectura e música son un bo agasallo en calquera época do ano!



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



REGALA EN GALEGO!

BANDA DESEÑADA



Asterix e os normandos
René Goscinny
Edicións Xerais

MÚSICA



As catedrais silenciadas
Xabier Díaz & Adufeiras do Salitre
Músicas do salitre

AGASALLOS DE NADAL



© Daniel Rouco

ENSAIO



O sentido do abraio
Rachel Carson
Editorial Catroventos



Pangea
Abraham Cupeiro and Royal Philharmonic Orchestra
Warner Classics

CURSO 2020-2021



epodu aibeiros

NARRATIVA



Zona a defender. A esperanza indócil
Manuel Rivas
Edicións Xerais

INFANTIL XUVENIL



Antía e Daren
Valentín Alvite
Edicións Xerais



Fábulas contadas
Gonzalo Navaza
Edicións Xerais



Corazón de manteiga
Xavier Queipo
Editorial Galaxia



A raíña galega
Xosé Durán
Edicións Xerais



Vampira de biblioteca
Leticia Costas
Edicións Xerais



Flores de ferro
María Rei Vilas
Editorial Galaxia



Ti
Anjel Lertxundi
Editorial Galaxia



Miña guía, Meu Capitán
Gonzalo Moure e María Girón
Editorial Kalandraka



Harry Potter e a pedra filosofal
J. K. Rowling
Editorial Galaxia

-Dimo en galego 2021

No mes de febreiro continuamos coa actividade “Dimo en galego” onde o noso alumnado expresou en galego o seu agarimo, amizade cara algo ou alguén nunha composición poética con formato SMS, whatsapp... Esta vez o premio gañador foi para a composición de Margarita Díaz de 2º BAC.

*Empregando o noso ben prezado idioma GALEGO
 escribo ó AMOR en GALEGO
 empregando todo o AMOR que eu teño
 escribo con AMOR á vida destacando o GALEGO.*

*Polo catorce de febreiro eu volo adico,
 escribo grazas ó pouco pero ben aprendido.
 Polo bon trato recibido,
 escribo con AMOR agradecido.*

*Empregando o AMOR recibido,
 tantas veces compartido.
 Empregando este medio,
 tantas veces compartido.*

*Polo moito que me queres,
 escribo chea de felicidade.
 Polo AMOR recibido,
 escribo porque é merecido.*




-Día de Rosalía (24 de febreiro)

Tal día coma hoxe, 24 de febreiro, nacía a poetisa máis coñecida da literatura hispánica. Este ano 2021 cumpriuse o 180 aniversario do seu nacemento e moitos foron os centros e entidades que, sen ser un recoñecido como tal a nivel institucional, quixeron render homenaxe a esta gran autora e a esta gran muller. O noso centro non foi menos e, para isto, dende o EDLG, Departamento de Lingua Galega e a Biblioteca do centro puxéronse cartaces con poemas representativos da autora lembrando a importancia desta data na nosa historia literaria.

Recordemos ademais a seguinte composición que lle dedicou Manuel Curros Enríquez:

*A ROSALÍA
 Do mar pola orela
 mireina pasar,
 na frente unha estrela,
 no bico un cantar.
 E vina tan sola
 na noite sin fin,
 ¡que inda recei pola probe da tola
 eu, que non teño quen rece por min!*

*A musa dos pobos
 que vin pasar eu,
 comesta dos lobos,
 comesta se veu...
 Os ósos son dela
 que vades gardar.
 ¡Ai, dos que levan na frente unha
 estrela!
 ¡Ai, dos que levan no bico un cantar!*



-Día da muller (8 de marzo) e Día da Paz (30 de xaneiro)

O Departamento de Orientación, con Beatriz Trigo á fronte, preparou uns murais no taboleiro do primeiro andar. Nun deles, dun xeito moi significativo, expoñía a importancia da muller no mundo laboral, así como o valor do traballo realizado en si mesmo, sen importar o sexo da persoa que o fai. No outro destacaba o día mundial da Paz.



- Concurso de videopoemas

Esta actividade naceu nova o curso pasado, en pleno confinamento, ante a imposibilidade de clases e actividades presenciais. Xurdiu no mes de maio pasado para motivar e dinamizar o alumnado, daquela, na casa. Mais neste curso decidimos mantela. O obxectivo é que o alumnado conxugue a poesía co video, música e os coñecementos nas redes. Dinamizar coas novas tecnoloxías. A gañadora foi **Jael Balseiro Porto** con "As formigas" e podes velo seguindo o código QR.



Concurso fotográfico

Ao principio da primavera convocouse un concurso fotográfico no que inicialmente ía darse só un premio, pero visto o gran número de fotos presentadas, decidiuse que se ampliaban os premios a tres. Un comité votou e escolleu, entre as presentadas, as tres fotos gañadoras. O primeiro premio pode verse na contraportada e o segundo e terceiro aparecen a páxina completa ao longo da revista, pero podeades ver todas as demais fotos participantes nestas páxinas. Cales son as túas preferidas?





De esquerda a dereita e de arriba abaixo, na páxina anterior:

- Margarita Díaz Fernández, "Albeiros, Rosalía e Natureza"*
- Yobania Barro, "Unha paisaxe de conto"*
- Jael Balseiro, "Beleza animal"*

E nesta páxina:

- Irene García, "O encanto do outono"*
- Marcos del Valle, "O sabor da primavera"*
- Marcos del Valle, "Galicia bonita"*





*De esquerda a dereita e de arriba
abaixo, na páxina anterior:*

- Irene García, "O paso do tempo"
- Guadalupe Álvarez, "Sen mirar
atrás"
- Julen Vigo, "O percorrer dos
camiños"
- Margarita Díaz, "Fórmula=
(beleza+cultura)= Lugo"

E nesta páxina:

- Jael Balseiro, "Bágoas do ceo"
- Daniel Rouco (fóra de concurso),
Sen título
- Daniel Rouco (fóra de concurso),
Sen título

1. Adiviñas:

- a) Unha señora moi enseñorada, toda chea de remendos e ningunha puntada.
- b) Estou pensando, pensando; de pensar vólcome tola. Coa sogra da muller de meu irmán, que parentesco me toca?
- c) Anda e non ten pés; come, e non ten boca, e toda a comida lle parece pouca.
- d) Unha cousa que coa súa risada perdeu a súa anada.
- e) Tenche os cornos revirados e viste cun cobertor. Adiviñarás algún día quen é este señor?
- f) No alto vive, no alto está , tecendo a reo sen tea nin la.

(Solucións na páxina 36)

2. Sopa de letras

Localiza na sopa de letras as dez palabras que propoñemos de seguido:

banco – brocha – cravo – lima –
 lixa - martelo – mazo - pegamento
 – regra – trade

A P E G A M E N T O Q
 T R A D E Q F Q C T I
 G A I L I X A D Z U G
 T W L C A O F O Q E M
 B A Q A A K E I A R A
 E R L V D T B S M C R
 L C O L H R E E A A T
 I L M C E M O S A R E
 M A A B H R X R W F L
 A V Z O C A N K V M O
 V O O D Q R E G R A O

3. Sudoku

	7	4	1				5	2
						1		3
	3		5					8
			7		5			
	5	1				7	3	
			4		2			
7					8		6	
6		2						
3	1				7	5	2	

4. Palabra clave

A palabra clave, na columna azul: Actividade que se desenvolve de maneira habitual, profesión.

1											
2											
3											
4											
5											
6											

Horizontais

1. Parte do tronco do corpo humano onde comeza o brazo.
2. Doce feito de masa moi delgada, composto de fariña, leite ou auga e ovos, ás veces con sangue de porco.
3. Templo, edificio consagrado a un culto cristián.
4. Consorte, esposo ou esposa.
5. Anaco de terra rodeado de auga salgada por todas a partes.
6. Artesán que traballa no ouro.

(Solucións na páxina 36)

5. Encrucillado

Resolve o seguinte encrucillado con palabras relacionadas coa economía. As definicións en negrita e cursiva corresponden ás palabras verticais.

2. Persoa que se encarga da dirección e xestión dunha empresa.

7. Custes que dependen do volume de produción.

5. Asociación de traballadores.

1. Materiais que unha empresa ten depositados no almacén.

11. Poboación formada por desempregados e ocupados.

4. Ao revés, imposto do valor engadido.

9. Cantidade de bens e/ou servizos que posúe un vendedor para vender a un prezo determinado.

5. En inglés, alugamento financeiro con opción de compra.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
8												
9												
10												

(Solucións na páxina 36)

ÍNDICE

Editorial	1	Relato de Samaín: Quen está aí?	18
Homenaxe a María	2	Sabías que ...?	20
Letras Galegas 2021: Xela Arias Castaño	4	Foto-3º premio	21
Departamento de Orientación, uns meses despois ...	6	Concurso: As cidades visibles	22
Estuda o portugués	7	As nosas actividades	24
Seguimos normalizando a LSE	8	O Samaín 2020	24
A nosa diversidade: de onde somos?	10	Día Internacional da Violencia de Xénero 2020	25
A arquitectura en Galicia	12	Concurso de postais navideñas 2020	26
Os cruceiros galegos	12	Tríptico de Nadal 2020	27
O Pazo de Sistallo	13	Dimo en Galego	28
Donald Trump	14	Día de Rosalía (24 de febreiro)	28
O positivo de Donald Trump	14	Día da Muller (8 de marzo) e Día da Paz (30 de xaneiro)	29
A taipán máis perigosa do mundo, Donald Trump	15	Concurso: Videopoemas	29
Poemas (Guadalupe Álvarez)	16	Concurso fotográfico	30
Foto-2º premio	17	Pasatempos	34

Solucións:

1. **Adiviñas:**
a) unha gallina
b) mina nai
c) o mullón
d) o ourizo de castañas
e) o carneiro
f) a araña

2. **Empresario:**
1. Ombreiro
2. Filla
3. Igrexa
4. Conxuxe
5. Illa
6. Ourve

3. **Encruillado:**
1. Existencias
2. Sindicato
3. Variables
4. IVE
5. Oferta
6. Leasing

4. **Palabra clave:**
Oficio

REDACCIÓN:

Equipo de Dinamización Lingüística do EPAPU Albeiros de Lugo

COORDENACIÓN E MAQUETACIÓN:

M^a Auria Bóveda Morandeira e José A. Armesto

Portada: Jael Balseiro (debuxo) e Matilde Arrizado e Nancy Bobillo (composición)

Abrindo paso utiliza software libre:
Scribus, Gimp, LibreOffice

EPAPU Albeiros

Parque da Milagrosa s/n 27003 Lugo

www.epalugo.org 982 828 106

@EPAPU_Albeiros (Twitter) EPA Albeiros (Facebook)

Depósito Legal: LU-66-2014



*1º Premio do Concurso de fotografía.
Autora: **Yobania Barro**
Título: **Mente en branco***

(xira a revista á esquerda para vela na súa orientación orixinal)